



## 1. TEMA

**"2017. A violencia de xénero entre adolescentes"** é un concurso de graffitis para adolescentes galegos, organizado polo Programa Ktorce-18, da Fundación Barrié e a Asociación ARELA. Está baseado na creación dun boceto sobre o tema obxecto de traballo durante todo o ano 2017, a violencia de xénero entre adolescentes, e pretende que os e as participantes reflexionen e cren mensaxes claros de freo á violencia machista.

## 2. OBXECTIVOS

- Implicar á comunidade educativa no Programa Ktorce-18.
- Dar protagonismo ós e ás adolescentes galegos.
- Traballar sobre a violencia de xénero entre adolescentes.

## 3. PARTICIPANTES

Poden concursar alumnos/as matriculados/as durante o curso 2016-2017 en centros educativos de Galicia en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional Básica e Ciclos Medios de Formación Profesional.

## 4. TRABALLOS

Os traballos deberán ser inéditos e orixinais debendo facer referencia á temática do concurso: a violencia de xénero entre adolescentes.

Á hora de presentar os traballos hai dúas opcións:

- Individual
- 2 persoas por traballo presentado

## **5. INSCRICIÓN E PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS**

Para participar no concurso deberá presentarse:

**1. Ficha de inscrición** debidamente cuberta e asinada e selada polo centro educativo no que cursen estudos @s participantes.

**2. O traballo** presentado:

- Deberá ser inédito, e poderá emplegar calquera material que estime oportuno (rotuladores, lapis, bolígrafos, ...)
- Os bocetos presentaranse en formato papel ou dixital en DIN A3. Os traballos deberán estar en cor. E estar acompañados dun título da obra, texto explicativo sobre o deseño (non máis dunha páxina A4).
- Quedarán excluídos do concurso aqueles traballos que presenten contidos nos que se faga apoloxía da violencia, sexistas, obscenos ou xenófobos ou aqueles que só constitúan unha sinatura.
- Os materiais a emplegar escolleranse segundo o boceto gañador, co asesoramento dunha persoa profesional no mundo do graffiti.

**3. Realización** do graffiti:

- A organización aportará:
  - Una dotación máxima de 250 euros para materiais para cada muro
  - O aporte de botes de sprays (entre 20 e 35 por muro), máis o blanqueo do muro se fora preciso, as mascarillas, os guantes, o plástico para o chan, ...
  - Dous muros aptos para realizar os graffitis nas cidades de Vigo e Pontevedra, espazos concedidos polos Concellos, cunha dimensión máxima de 6 metros x 2,5 de alto.
- Será responsabilidade do/a participante:
  - Realizar o graffiti na localización, data e horario establecidos pola organización, así como manter limpo o lugar onde se realice o mesmo.
  - Os e as participantes se comprometen a que o graffiti a realizar se corresponda co boceto presentado e seleccionado para tal efecto.
  - O graffiti en todos os casos será realizado pola persoa ou persoas gañadoras do concurso coa supervisión dos profesionais do mundo do graffiti designados pola organización.

**4. Autorización** debidamente cuberta polo pai/nai ou tutor/a legal.

**5. Presentación** dos bocetos

Os traballos poden presentarse **entre o 1 de abril e o 20 de maio de 2017**, e serán remitidos polo centro educativo dos participantes á Asociación Arela, ben por correo postal (Rúa Ernesto Lecuona, 11 Baixo, C.P. 36205 Vigo, indicando no sobre "Concurso Ktorse-18 2017"), ben escaneado ao correo electrónico [arela@arela.org](mailto:arela@arela.org).

Os traballos admitidos no concurso serán publicados na Web e perfís sociais da Asociación Arela.

As bases do concurso, ficha de inscrición e folla de autorización están dispoñibles nas páxinas web da Fundación Barrié e da Asociación Arela.

A participación no concurso implica a aceptación das presentes Bases. Poderán ser descartados aqueles traballos presentados que non cumpran os requisitos indicados nas mesmas.

## **6. XURADO**

O xurado, que será nomeado de común acordo polas entidades convocantes, estará integrado polas seguintes persoas ou institucións:

- Asociación ARELA
- Fundación Barrié
- Concello de Vigo
- Concello de Pontevedra
- Sax: escritora de graffiti de Vigo
- Mutante Creativo: deseño gráfico
- Marina Marroquí: Presidenta da Asociación Illicitana contra a violencia de xénero

(A organización resérvase o dereito de propoñer a máis persoas ou a máis representantes de institucións para que formen parte deste xurado)

## **7. PREMIOS**

Os dous traballos mellor valorados poderán pintar o graffiti nun muro destinado en Vigo e outro en Pontevedra coa colaboración e supervisión dun graffiteiro ou graffiteira de renombre de Galicia.

O primeiro premio (trabajo mellor valorado polo xurado) pintará o muro na cidade que elixa. O segundo premio (trabajo valorado polo xurado en segundo lugar) pintará o muro na cidade vacante.

Os traballos gañadores publicaranse en formato on line na web da Fundación Barrié e da Asociación Arela. Do mesmo modo, poderán ser expostos en actividades e eventos vinculados ao Programa Ktorce-18.

A entrega de Premios celebrarase na sede da Fundación Barrié en Vigo antes do 20 de xuño de 2017.

## **INFORMACIÓN E CONTACTO**

### **Fundación Barrié**

Área de Acción Social  
[serviciossociales@fbarrie.org](mailto:serviciossociales@fbarrie.org)  
981 060062- 981 221525

### **Asociación Arela**

[arela@arela.org](mailto:arela@arela.org)  
986 212 537